

LECTURAS DE NADAL : BIBLIOQUIROGA RECOMENDA



BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA DO I.E.S. DE QUIROGA - DECEMBRO 2017



NOVAS DE BIBLIOQUIROGA

COLABORACIÓN COA BIBLIOTECA DA EOI DE LUGO

A nosa **exposición sobre Maruja Mallo**, coa que o ano pasado se difundiu a súa obra entre o alumnado ao ser homenaxeada no Día das Artes Galegas, saíu percorrer mundo. Agora pódese visitar nos corredores da planta baixa da **Escola Oficial de Idiomas de Lugo**, grazas á colaboración entre as bibliotecas destes dous centros educativos.



Xa podemos dicir iso de que onde non chegamos, mandamos recado ;-)

A biblioteca da EOI de Lugo correspondeu ao noso préstamo cun agasallo ben chulo: un exemplar da última aventura de Astérix.

Isto é o principio dunha gran amizade!



EXPOSICIÓN "A VIAXE DA CIENCIA"

Este ano, para conmemorar o mes da ciencia, montouse unha exposición en relación, organizada en dous espazos diferentes do noso centro educativo: o departamento de Bioloxía (onde se poden ver exemplares de libros decimonónicos e facsímiles de ensaios científicos de distintas épocas) e a planta baixa, nas proximidades da biblioteca e das escaleiras de acceso ao primeiro andar. Alí pódese ver, ademais de diversos **materiais documentais** sobre científic@s e exploradores/as, un espazo no que se recrea **o mundo das viaxes con fins de descuberta xeográfica ou investigación** en distintos eidos científicos.

A chegádevos vela: de seguro que tamén facedes algún descubrimento!



NOVAS DE BIBLIOQUIROGA

DÍA DAS BIBLIOTECAS 2017: XURXO SOUTO


Este ano para celebrar o 24 de outubro contamos coa presenza do músico e escritor de Montevalto, que veu falarnos sobre a **historia do rock galego**. Ademais, o alumnado membro do Club de Lectura aproveitou para facerlle unha breve entrevista ao líder de Os Diplomáticos, da que daremos conta proximamente nun artigo para **Escola de Prensa**.



Xurxo Souto
Contos do mar de Irlanda



Aquí tedes algunhas das obras deste polifacético dinamizador cultural, que ademais de recordarnos que "somos un pobo de artistas", ese día reconvertiu o seu habitual lema mariñeiro (Medre o mar!) para adaptalo á nosa contorna: **Medre o Sil!**



RECOMENDACIÓNS LECTORAS DE XURXO

